



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 411
17 de novembro de 2022



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

■ 33140 (11/PNL-000005)

Proposición non de lei de iniciativa lexislativa popular polo dereito de Galicia a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas [159914](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación por unanimidade con modificacións

■ 42435 (11/PNC-003723)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación coa declaración de servizos ferroviarios de proximidade das liñas A Coruña-Ferrol, A Coruña-Santiago de Compostela e Vigo-Pontevedra-Vilagarcía de Arousa-Santiago de Compostela [159902](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 36943 (11/PNC-003421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo

Sobre a implantación pola Xunta de Galicia da redución no prezo dos abonos e títulos multiviaxes de transporte público colectivo de competencia autonómica [159902](#)

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Aprobación por unanimidade con modificacións

■ 42595 (11/PNC-003737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para establecer unha canle de información permanente sobre a situación da central térmica das Pontes e a convocatoria urxente para adxudicar os 700 MW de capacidade eléctrica dispoñible [159903](#)



Rexeitamento da iniciativa

I 43014 (11/PNC-003784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a actividade industrial e o mantemento do emprego nas fábricas de Xeal (antiga Ferroatlántica) en Cee e Dumbría

[159903](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Rexeitamento das iniciativas

I 30194 (11/PNC-002703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que os territorios intelixentes conduzan á mellora social e de calidade de vida dos habitantes do rural galego

[159904](#)

I 41658 (11/PNC-003646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de tomar medidas urxentes para loitar contra a contaminación das augas da comarca da Limia

[159904](#)

I 42718 (11/PNC-003750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar medidas específicas para os montes veciñais en man común que sufriron incendios na campaña 2022

[159904](#)

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 40441 (11/PNC-003556)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que se inclúa a cadea mar-industria nas axudas do PERTE agroalimentario

[159905](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

I 43521 - 36063 (11/PRE-010886)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis



Sobre a conveniencia de instalar unha explotación avícola de produción de ovos na parroquia de Foxados, no concello de Curtis (A Coruña), que vai xerar máis de catro mil trescentas toneladas de residuos ao ano, tendo en conta que é a cabeceira dun río que, augas abaixo, forma parte da Rede Natura 2000 e alberga especies prioritarias ou en perigo de extinción [159919](#)

I 43520 - 36516 (11/PRE-012503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a inclusión por parte da Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela [159921](#)

I 43519 - 40620 (11/PRE-014337)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia en relación coas axudas aos alugueiros en pisos compartidos [159923](#)

I 43518 - 41340 (11/PRE-014388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa protección, conservación e recuperación das turbeiras [159925](#)

I 43522 - 41509 (11/PRE-014389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os criterios da Xunta de Galicia para a repartición dos fondos do plan Hurbe mediante convenios [159927](#)

I 43517 - 41958 (11/PRE-014434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións de finalización das obras da depuradora e de mellora do saneamento no concello do Pino [159929](#)

I 43516 - 42087 (11/PRE-014449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas necesidades de mellora do transporte en autobús na liña A Coruña-Betanzos [159932](#)

I 43515 - 42113 (11/PRE-014453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño, en Santiago de Compostela [159936](#)



I 43514 - 42172 (11/PRE-014460)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina**

Sobre o número de centros de atención residencial para persoas maiores inspeccionados na provincia da Coruña desde 2019 ata outubro de 2022

[159938](#)**I 43513 - 42173 (11/PRE-014461)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina**

Sobre o número de centros de atención residencial para persoas maiores inspeccionados na provincia de Lugo desde 2019 ata outubro de 2022

[159940](#)**I 43512 - 42175 (11/PRE-014462)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina**

Sobre o número de centros de atención residencial para persoas maiores inspeccionados na provincia de Pontevedra desde 2019 ata outubro de 2022

[199942](#)**I 43393 - 42199 (11/PRE-014465)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina**

Sobre o número de centros de atención residencial para persoas maiores inspeccionados na provincia de Ourense desde 2019 ata outubro de 2022

[199944](#)**1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos****1.5.4. De ámbito europeo****1.5.4.1. Unión Europea**

I Resolución da Presidencia, do 16 de novembro 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 260/2012 e (UE) 2021/1230 no que respecta ás transferencias inmediatas en euros (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2022) 546 final] [2022/0341 (COD)] {SEC (2022) 546 final} {SWD (2022) 546 final} {SWD (2022) 547 final}

-11/UECS-000231 (43829) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 260/2012 e (UE) 2021/1230 no que respecta ás transferencias inmediatas en euros (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2022) 546 final] [2022/0341 (COD)] {SEC (2022) 546 final} {SWD (2022) 546 final} {SWD (2022) 547 final}

[159946](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

- Sesión plenaria (día 21 de novembro de 2022, ás 10.00 horas) [159908](#)
- Sesión plenaria (día 22 de novembro de 2022, ás 10.00 horas) [159909](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

Coñecemento das sinaturas, admisión, publicación e prazo asunción

- 33140 (11/PNL-000005)

Proposición non de lei de iniciativa lexislativa popular polo dereito de Galicia a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas

A Mesa toma coñecemento do escrito da Xunta Electoral de Galicia (doc. núm. 43645 polo que comunica a acreditación das sinaturas válidas en relación coa Proposición non de lei de iniciativa popular polo dereito de Galicia a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas (doc. núm. 33140, 11/PNL-000005) e acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición non de lei.

2º. Publicar este acordo e o texto da proposición non de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 16 apartados segundo e terceiro da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios poden asumir como propias e convertelas en proposicións non de lei en pleno ou en comisión no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial* da Cámara. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os grupos parlamentarios que manifesten a súa asunción, será asignada a proposición non de lei ao primeiro que o solicite.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios, á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 11 de novembro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 42435 (11/PNC-003723)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central en relación coa declaración de servizos ferroviarios de proximidade das liñas A Coruña-Ferrol, A Coruña-Santiago de Compostela e Vigo-Pontevedra-Vilagarcía de Arousa-Santiago de Compostela

BOPG nº 397, do 19.10.2022

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta a exixir ao Goberno central a declaración de servizos ferroviarios de proximidade nas liñas A Coruña-Ferrol, A Coruña-Santiago e Vigo- Pontevedra-Vilagarcía-Santiago, co obxecto de que entren en funcionamento no primeiro semestre de 2023.

Ademais, o Parlamento insta o Goberno galego a demandar do Goberno central a mellora dos servizos ferroviarios entre Vigo e A Coruña mediante as seguintes medidas:

- Reposición dos trens incluídos no contrato de servizo público e aínda non recuperados.
- Incremento da oferta para garantir o acceso ao traballo e centros de estudos ás 8 da mañá, tanto en sentido Pontevedra-Vigo como Vigo-A Coruña.
- Mellora da fiabilidade e da calidade dos servizos, co obxecto de evitar avarías e outras incidencias.
- Reforzo da oferta de trens en horas, días e traxectos de maior demanda para evitar os problemas que se están a producir nesta liña, cun grande número de persoas que non poden facer uso do tren por falta de prazas.»

Rexeitamento da iniciativa

- 36943 (11/PNC-003421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo

Sobre a implantación pola Xunta de Galicia da redución no prezo dos abonos e títulos multiviaxes de transporte público colectivo de competencia autonómica
BOPG nº 350, do 26.07.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 2 votos a favor, 7 votos en contra e 3 abstencións.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 16 de novembro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 42595 (11/PNC-003737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para establecer unha canle de información permanente sobre a situación da central térmica das Pontes e a convocatoria urxente para adxudicar os 700 MW de capacidade eléctrica dispoñible
BOPG nº 397, do 19.10.2022

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar o Goberno de España:

1. Establecer unha canle de información permanente sobre a situación da central térmica das Pontes ao abeiro da Mesa das Pontes promovida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, amosando a máxima sensibilidade para non deixar fóra do proceso de transformación os traballadores de Endesa, a industria auxiliar e os transportistas, nin tampouco a Administración autonómica.

2. Sendo un nó de transición xusta, que o Ministerio aclare a capacidade real e efectiva deste nó e para que se vai a destinar esta capacidade.»

Rexeitamento da iniciativa

- 43014 (11/PNC-003784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a actividade industrial e o mantemento do emprego nas fábricas de Xeal (antiga Ferroatlántica) en Cee e Dumbría
BOPG nº 401, do 26.10.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 11 de novembro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento das iniciativas

- 30194 (11/PNC-002703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que os territorios intelixentes conduzan á mellora social e de calidade de vida dos habitantes do rural galego

BOPG nº 277, do 16.02.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 41658 (11/PNC-003646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto de tomar medidas urxentes para loitar contra a contaminación das augas da comarca da Limia

BOPG nº 386, do 27.09.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 42718 (11/PNC-003750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar medidas específicas para os montes veciñais en man común que sufriron incendios na campaña 2022

BOPG nº 401, do 26.10.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª



COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 15 de novembro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 40441 (11/PNC-003556)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que se inclúa a cadea mar-industria nas axudas do PERTE agroalimentario

BOPG nº 379, do 14.09.2022

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España unha rectificación e que inclúa nas axudas do PERTE agroalimentario a cadea mar-industria.»

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 15 de novembro de 2022, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 43521 - 36063 (11/PRE-010886)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a conveniencia de instalar unha explotación avícola de produción de ovos na parroquia de Foxados, no concello de Curtis (A Coruña), que vai xerar máis de catro mil trescentas toneladas de residuos ao ano, tendo en conta que é a cabeceira dun río que, augas abaixo, forma parte da Rede Natura 2000 e alberga especies prioritarias ou en perigo de extinción

- 43520 - 36516 (11/PRE-012503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre a inclusión por parte da Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

- 43519 - 40620 (11/PRE-014337)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia en relación coas axudas aos alugueiros en pisos compar-
tidos

- 43518 - 41340 (11/PRE-014388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa protección, conservación e recu-
peración das turbeiras

- 43522 - 41509 (11/PRE-014389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os criterios da Xunta de Galicia para a repartición dos fondos do plan Hurbe mediante con-
venios

- 43517 - 41958 (11/PRE-014434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións de finalización das obras da depuradora e de mellora do saneamento no con-
cello do Pino

- 43516 - 42087 (11/PRE-014449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas necesidades de mellora do transporte en
autobús na liña A Coruña-Betanzos

- 43515 - 42113 (11/PRE-014453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa reapertura do centro sociocomunitario Porta
do Camiño, en Santiago de Compostela

- 43514 - 42172 (11/PRE-014460)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre o número de centros de atención residencial para persoas maiores inspeccionados na pro-
vincia da Coruña desde 2019 ata outubro de 2022



- 43513 - 42173 (11/PRE-014461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre o número de centros de atención residencial para persoas maiores inspeccionados na provincia de Lugo desde 2019 ata outubro de 2022

- 43512 - 42175 (11/PRE-014462)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre o número de centros de atención residencial para persoas maiores inspeccionados na provincia de Pontevedra desde 2019 ata outubro de 2022

- 43393 - 42199 (11/PRE-014465)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre o número de centros de atención residencial para persoas maiores inspeccionados na provincia de Ourense desde 2019 ata outubro de 2022

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 16 de novembro 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 260/2012 e (UE) 2021/1230 no que respecta ás transferencias inmediatas en euros (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2022) 546 final] [2022/0341 (COD)] {SEC (2022) 546 final} {SWD (2022) 546 final} {SWD (2022) 547 final}

-11/UECS-000231 (43829) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 260/2012 e (UE) 2021/1230 no que respecta ás transferencias inmediatas en euros (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2022) 546 final] [2022/0341 (COD)] {SEC (2022) 546 final} {SWD (2022) 546 final} {SWD (2022) 547 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 43829, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para la Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 260/2012 e (UE) 2021/1230 no que respecta ás transferencias inmediatas en euros (Texto perti-



nente para efectos do EEE) [COM (2022) 546 final] [2022/0341 (COD)] {SEC (2022) 546 final} {SWD (2022) 546 final} {SWD (2022) 547 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 21 de novembro de 2022, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 21 de novembro de 2022, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 15 de novembro de 2022, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Textos legislativos

1.1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (doc. núm. 42693, 11/PL-000018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 398, do 20.10.2022

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 409, do 14.11.2022



1.2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 42694, 11/PL-000019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 398, do 20.10.2022

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 409, do 14.11.2022

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Sesión plenaria (día 22 de novembro de 2022, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 22 de novembro de 2022, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 15 de novembro de 2022, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de montes veciñais en man común (doc. núm. 27854, 11/PPLI-000003)

Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG nº 264, do 26.01.2022

Publicación da proposición de lei, BOPG nº 387, do 28.09.2022

1.2 Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real Decreto Lei 18/2022, do 18 de outubro, e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto (doc. núm. 43397, 11/PL-000020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 406, do 08.11.2022

Punto 2. Comparecencia

43820 (11/CPP-000109)

Da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre igualdade e loita contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

Punto 3. Mocións

3.1 43579 (11/MOC-000124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre a adopción de medidas para mellorar a atención ás vítimas de violencia machista (Moción consecuencia da Interpelación núm. 42854, publicada no BOPG núm. 405, do 4 de novembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de novembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022



3.2 43649 (11/MOC-000125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre o transporte escolar público (Moción consecuencia da Interpelación núm. 41210, publicada no BOPG núm. 405, do 4 de novembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de novembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

3.3 43720 (11/MOC-000126)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre un pacto galego pola industria (Moción consecuencia da Interpelación núm. 42333, publicada no BOPG núm. 394, do 13 de outubro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 8 de novembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 42079 (11/PNP-003562)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pardo López, Adrián e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para manter viva a memoria das vítimas do terrorismo de ETA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

4.2 42319 (11/PNP-003584)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para articular un plan de axudas ás pequenas e medianas industrias e ás persoas autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

4.3 42637 (11/PNP-003614)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e sete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ante a Unión Europea e o Goberno do Estado en relación coa posta en marcha de medidas que compensen as consecuencias socioeconómicas derivadas da prohibición da pesca de artes de fondo en oitenta e sete caladoiros do Atlántico nororiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 19.10.2022

4.4 43135 (11/PNP-003668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan contra a pobreza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022



4.5 43327 (11/PNP-003686)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para implementar medidas económicas que incentiven os concellos á redución do lixo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

4.6 43422 (11/PNP-003695)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á conmemoración do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller e as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ou solicitar do Goberno de España nesta materia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 407, do 09.11.2022

Punto 5. Interpelacións

5.1 39762 (11/INT-001957)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a formación da poboación en competencias clave

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

5.2 41510 (11/INT-002016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a xestión por parte da Xunta de Galicia do plan Hurbe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

5.3 42795 (11/INT-002103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a situación da área sanitaria de Pontevedra-O Salnés

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 43814 (11/POPX-000085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas dos orzamentos da Xunta de Galicia que prevén o necesario reforzo dos servizos públicos para o ano 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

6.2 43816 (11/POPX-000086)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai impulsar a Xunta de Galicia para loitar contra a violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 41644 (11/POP-006284)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as axudas para a gratuidade da atención educativa en escolas infantís

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

7.2 40424 (11/POP-006174)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do incremento dos casos de ocupación de vivendas e a pasividade do Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 379, do 14.09.2022

7.3 43815 (11/PUP-000290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a valoración da Xunta de Galicia de todas as leccións que nos deixou o afundimento e a catástrofe ambiental e social do *Prestige*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

7.4 43256 (11/POP-006499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre o grao de cumprimento do pacto ambiental asinado entre a Xunta de Galicia e Ence en xuño de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

7.5 40929 (11/POP-006215)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre a información da que dispón neste momento o Goberno galego en relación coas causas do derrubamento e os traballos de reconstrución do viaduto da A-6 colapsado o pasado mes de xuño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.6 43288 (11/POP-006504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a aceptación da solicitude do cambio de pantallas destinadas aos centros educativos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022



7.7 43811 (11/PUP-000288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a presentación no Parlamento dun informe de execución e impacto do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 16.11.2022

7.8 37324 (11/POP-005341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a actuación do Goberno galego para levar a cabo un novo modelo de atención primaria no sistema sanitario que permita aos profesionais mellorar a capacidade asistencial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022


Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA

F.X. Anxo Louzao Rodríguez con .., con domicilio para efectos de notificación .. Santiago de Compostela; teléfono .. correo electrónico anxolouzao@gmail.com comparece perante a Mesa do Parlamento de Galiza en calidade de Promotor da presente iniciativa e EXPÓN:

Que consoante ao disposto no artigo 16 da Lei 7/2015, do 19 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galiza, formula escrito de promoción de PROPOSICIÓN NON DE LEI, co seguinte contido:

“Polo dereito da Galiza a poder competir oficial e internacionalmente coas súas seleccións deportivas

Exposición de motivos

Galiza, como pobo, como nación, ao longo da súa historia foi conformando a súa cultura, idioma e os seus sinais de identidade. Construíu os seus símbolos para identificarse colectivamente e manifestarse como pobo. Porén, a súa dependencia de máis de cinco séculos e a carencia de poder político soberano levou a que a súa identidade nacional fose negada, ocultada, ou prohibida. Así no deporte, que conta cunha significativa dimensión nacional, cultural e patrimonial, impídese que nos amosemos como galegos e galegas e prohíbesenos competir baixo a bandeira galega.

Este ano fanse 100 anos da xestación da primeira selección absoluta de fútbol da Galiza. A reivindicación para que Galiza conte con seleccións propias vén de hai tempo. Nos anos 70 do século pasado o semanario A Nosa Terra abriu de novo o debate sobre a necesidade da súa creación. Na década dos 90 retoma a reivindicación o movemento Bravú, e a proposta das seleccións nacionais galegas



30 MAR. 2022

33140

colle un maior impulso. Mais será o colectivo Siareiros Galegos, conformado nas súas orixes en 1996 por afeccionados de Celta, Deportivo e Compostela, que por aquel entón militaban na Primeira División, o que popularizase o berro "Selección Galega Xa!". En decembro de 2005 regresa a selección de fútbol masculina cun encontro amigábel por ano, mais no 2009 a Xunta suspende todo tipo de axuda, paralizándo así a continuidade dos encontros da Irmandiña.

No 2007, a selección absoluta feminina de fútbol xoga en Vigo, porén vai para sete anos que tanto a feminina como a masculina non disputan ningún partido, e todo indica que a Xunta non ten en perspectiva a súa continuidade nin a súa consolidación. As seleccións absolutas de baloncesto levan sen competir hai anos. O mesmo podemos afirmar das seleccións de fútbol sala e das de balonmán. Noutras modalidades deportivas, as seleccións galegas nin sequera se formaron para competir amigabelmente.

Tamén, como é sabido, prohibese que os e as nosas deportistas representen Galiza nas competicións internacionais, mesmo naquelas disciplinas nas que somos potencia mundial, como o triatlón, a vela ou o piragüismo. Tal e como se evidenciou nos últimos Xogos Olímpicos, malia a consecución de seis medallas e 10 diplomas olímpicos, Galiza estivo ausente do podio, e a bandeira, invisibilizada. Mais a Xunta da Galiza segue sen tomar ningunha iniciativa para que as nosas seleccións e deportistas poidan competir e representar o seu país en torneos ou competicións oficiais.

Galiza conta cunha importante estrutura social ligada á actividade deportiva, así como cunha extensa rede deportiva, tanto federada como non federada. Son incontábeis os clubs, as escolas, agrupacións ou asociacións deportivas que proliferan por todo o país. Non obstante, fúrtasenos o dereito a poder representar oficialmente e proxectar Galiza polo mundo adiante.

As seleccións nacionais deportivas representan a todo un pobo, danlle acougo a un sentimento colectivo, alimentan o sentir e o orgullo de pertenza a unha colectividade, a unha nación. Afianzan a identidade colectiva e contribúen á cohesión social, pois o deporte non só é fonte de saúde, tamén axuda a vertebrar a sociedade e tende lazos de amizade e solidariedade. Porén, impídesenos competir oficial e internacionalmente, coa única excepción do fútbol gaélico. O normal é que compitamos como galegos e galegas en todos os niveis e modalidades, como acontece con diferentes países como Gales e Escocia que, sen ter tampouco estado propio, participan oficialmente, o mesmo que fan 49 territorios como Xibraltar, as Illas Feroe, Anguila ou Nova Caledonia.

Como galegas e galegos padecemos, froito do sometemento que sufrimos, de falta de autoestima colectiva. Todo o que nos identifica e nos fai galegos e galegas prohibese,



30 MAR. 2022

ocúltase ou trátase como irrelevante. É dicir, subordínase ao de fóra, ao alleo. Esta é a razón pola que se nos nega un dereito tan elemental como **termos seleccións** 33140 deportivas propias que nos representen. O preocupante é que a Xunta da Galiza, en lugar de esixir as competencias plenas no ámbito deportivo, en crear seleccións galegas e, como mínimo, promover competicións amigábeis en todos os deportes, sexa a responsábel e se amose satisfeita con esta situación.

Galiza é unha potencia deportiva que brilla con luz propia. Somos referentes mundiais en non poucos deportes. Contamos con deportistas e medallistas olímpicos e olímpicas, campións e campioas europeas e mundiais. Destacamos e somos competitivos, deportivamente falando, en numerosas disciplinas. Mais a súa dependencia deportiva eclipsa o seu historial e palmarés, impide que atletas destacadas poidan participar en competicións internacionais e provoca unha percepción distorsionada da realidade na que estamos infravalorados como pobo. Necesítanse competencias lexislativas plenas para que os nosos e nosas deportista teñan máis oportunidades, para o recoñecemento oficial das nosas seleccións, para rematar coa nosa subordinación ás federacións españolas e para amosarnos como nación que somos.

Proposta de resolución

O Parlamento da Galiza insta á Xunta da Galiza a tomar as medidas necesarias para que:

Galiza teña o dereito a competir coas súas seleccións deportivas absolutas a nivel oficial e internacional en todas as modalidades, categorías e disciplinas deportivas.

Os nosos e as nosas deportistas poidan competir baixo a bandeira galega e exhibila cando soben ao podio.


Se conformen seleccións galegas femininas e masculinas en todas as categorías e disciplinas deportivas.

Se galeguice o deporte e se promova a normalidade lingüística neste ámbito.

Se impulse a igualdade de xénero mediante a participación da muller na práctica do deporte e coa conformación de seleccións e competicións femininas"

Que de conformidade co disposto no punto 2 do artigo 16 e na letra b) do artigo 4 da Lei 7/2015, do 19 de agosto, os motivos que recomentan a tramitación e aprobación polo Parlamento de Galiza da presente Proposición





non de Lei concréntanse no dereito, interese e necesidade de que Galiza ~~poda~~ competir en todas as categorías e niveis coas súas seleccións nas distintas disciplinas deportivas; na necesidade de promover a creación de seleccións galegas en todos os deportes e que os e as deportistas galegas podan participar baixo a bandeira galega a todos os niveis, tanto oficial como internacional.

Que de acordo co disposto no punto 2 do artigo 16 e na letra c) relacionase a continuación a comisión promotora e nos anexos os datos persoais de cada un deles, sinatura , enderezo, certificación da inscrición no censo electoral e declaración de non estar incursos/as en causa de inexibilidade ou incompatibilidade

Comisión promotora:

Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez

Alba Cuba Dorado

Serafín Carballo Carballeira

